Ourense 20-abril do 1960

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido amigo: Estiven en Trasalba e por iso non correspondín seguidamente a sua carta. É fermoso e fortece o esprito o traballar sobre Pondal. ¡Quen me dera como polos anos 27 ou 28 cando chegaba no inverno a Corme, o pinal de Tella ou me mollaba na praia de Baldaio!. Vin todo Bergantiños envolveito en lixeira zona de neve. O tema oriental a través do pastiche arsalino e menos da aventura marroquí foi xeneral na Hespaña. Os eruditos comparaban a guerra de Jugurtha cas memorias do xeneral Lamoricière. Houbo unha gran de propaganda francesa, épica orleanista de spahis e cadros de infantería contra as gumias e a escaramuza dos xinetes nos cabalos flacos de Horacio Vernet. Pra un chantre e vate do mar significaba unha gozosa fita a morte de piratería africán. Inda non se esvaecera o medo as velas estranas na costa. Fermoso e nobre o número de "Aturuxo" adicado a Pimentel. É seus versos, querido Carballo, de fondo e longo lembrar.. Está esfarmando o centeo con frío. Xa vai desaparecendo o ouro dos toxos, inda comeza a flor da xesta branca. Saúdos na casa.

Sempre o vello amigo

Ramon Otero Pedrayo

C
2 1160-1